

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Promoción Económica

Convocatoria do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2013

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA, ANUALIDADE 2013

1. FINALIDADE E OBXECTO.

A finalidade desta convocatoria é apoiar aos concellos da provincia no sostenemento dos gastos da contratación de socorristas nas piscinas municipais dos concellos do interior durante a tempada de verán 2013, conforme ao disposto na Lei 7/85 de bases de réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais e na Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e con cargo ao orzamento da Deputación para o exercicio 2013.

Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades ou investimentos subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans provinciais da Deputación.

As subvencións concederanse con cargo á seguinte aplicación presupuestaria do orzamento provincial para o exercicio 2013:

Programa	Aplicación presupostaria
Socorrismo	0305/341B/46201

2. SOLICITANTES.

Poderán optar ás axudas contidas na presente convocatoria os concellos do interior que posúan piscinas municipais ou praias fluviais para o sostenemento de socorristas.

3. CONDICIÓNNS.

A Deputación poderá conceder subvencións ata un máximo de 3.000 euros para costear o sostenemento de socorristas, mediante contratación directa ou a través dunha empresa, durante un prazo máximo de tres meses comprendidos entre maio e setembro.

O importe da subvención solicitada poderá oscilar entre o 20% e o 80% do orzamento estimativo de gastos, que no poderá exceder de 3.750 €.

4. FORMULACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán na páxina web da Deputación www.dicoruna.es, e que incluírán os seguintes documentos:

- Certificación do acordo de solicitude da subvención.
- Acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.
- Autorización, no seu caso, para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos das subvencións.
- Compromiso de facer constar en todo tipo de información que realice no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración prestada pola Deputación Provincial da Coruña (art. 17h) y n) da Lei xeral de subvencións, art. 31.1 do seu Regulamento e base 50.2.8 de execución do presuposto).
- Compromiso de solicitar polo menos tres ofertas de distintos provedores no caso de que o gasto sexa superior a 18.000 € para prestación de servizos, nos termos do art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.
- Memoria explicativa da actividade a realizar, que comprenderá os seguintes aspectos:
 - Orzamento estimativo de gastos, que non poderá exceder de 3.750 €.
 - Importe da subvención solicitada, que deberá oscilar entre o 20% e o 80% do orzamento estimativo de gastos.

- Forma de prestación do servizo: empresa ou contratación directa.
- Calendario fixado para a prestación do servizo, que estará comprendido entre os meses de maio a setembro cun máximo de 3 meses.
- Breve descripción do servizo a prestar.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación da Coruña www.dicoruna.es

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica:

- A persoa designada como representante, para o envío da solicitude ao rexistro telemático.
- O secretario e o alcalde para asinar a documentación achegada.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 25 de febreiro de 2013 e rematará as 00.00 do día 26 de marzo de 2013.

6. RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS.

A concesión das subvencións realizarase, previo informe da Intervención Provincial, mediante resolución da presidencia, a proposta motivada da comisión avaliadora e requirirá informe do Servizo de Fomento, no que se reflita que da información que consta no seu poder, dérvase que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: deputado-presidente da Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo.

Vocais: tres deputados designados polo presidente da Deputación.

Actuará como secretario, sen voto, un funcionario do Servizo de Fomento.

A cuantía da subvención a conceder será o importe solicitado polo concello co límite máximo de 3.000 €, de acordo co establecido na base 3.

A resolución de concesión será notificada expresamente a todos os solicitantes. Contra o rexeitamento expreso ou presunto das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

7. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

7.1. FORMA DE PAGO.

A Deputación aboará o 50% do total concedido como aportación provincial, con carácter de anticipo prepagable, unha vez sexa notificada a concesión da subvención sempre que:

- Estén xustificadas as subvencións concedidas nos anos anteriores para o mesmo fin, de acordo co establecido na base 56.2 de execución do presuposto do ano 2013.
- O concello esté ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.

O 50% restante aboarase previa acreditación dos gastos realizados mediante a presentación da documentación indicada no apartado 7.3 dentro do prazo establecido a tal fin.

7.2. IMPORTE A XUSTIFICAR.

Para os efectos de xustificación, defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe de subvención solicitado e o importe do orzamento estimativo de gastos.

$$\text{Coeficiente de financiamento} = \frac{\text{Subvención solicitada}}{\text{Orzamento de gastos}}$$

A aplicación deste coeficiente ao importe da subvención concedida dará lugar ao orzamento subvencionable, que será o que se debe xustificar para cobrar a totalidade da subvención, é dicir:

$$\text{Mínimo a xustificar} = \frac{\text{Importe da subvención concedida}}{\text{Coeficiente de financiamento}}$$

No caso de percepción doutras subvencións ou axudas de administracións públicas ou entidades privadas para a mesma finalidade, o importe mínimo a xustificar será a suma de todas as subvencións percibidas sempre que o dito importe sexa superior ao mínimo a xustificar.

7.3. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

Para xustificar a subvención os concellos poderán utilizar os modelos normalizados que se facilitarán na páxina web da Deputación www.dicoruna.es, comprensivos dos seguintes aspectos:

a) Certificación expedida polo Secretario do concello, co visto e prace do alcalde, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade do concello, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Certificación ter cumprido o compromiso de publicidade da colaboración financeira da Deputación en toda a información que se teña feito da actividade subvencionada.

c) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto así como de calquera outra fonte de financiamento, ou pola contra, declaración de non recibir ningunha.

d) Certificación acreditativa de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

e) Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do concello da relación clasificada dos pagos realizados, con identificación dos conceptos de gasto, acreedores (nome, apelidos e NIF), número de factura, a súa data de emisión e importe, e a data e forma de pago.

No caso de contratación directa do servizo polo concello, a relación de pagos deberá identificar os traballadores contratados (nome, apelidos e NIF), os importes aboados, con separación do importe total devengado e da seguridade social a cargo da empresa, as datas e forma de pago da cada nómina, e os meses e días de duración da contratación.

f) Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos, debidamente asinada polo alcalde.

g) Acreditación de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social e a Deputación Provincial, no caso de non ter autorizada a esta última para facer a dita comprobación segundo o establecido na base 4.c.

7.4. PRAZO DE XUSTIFICACION.

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o 31 de outubro de 2013, se ben antes de finalizar o prazo poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. A solicitude de prórroga deberá presentarse antes do 30 de setembro de 2013 e se concederá por un prazo máximo de TRES MESES.

Se non se presentara a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), aplicarase o réxime sancionador previsto no punto 8 das presentes bases.

De acordo co estipulado no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, unha vez transcurrido o prazo establecido para a xustificación da subvención sen aportar a documentación acreditativa da mesma, requirirase ó beneficiario para que a presente no improrrogable prazo de quince días, indicándolle que, de non aportala nese prazo, perderá o dereito ó cobro da subvención e se lle exisirá o reintegro, ademais das responsabilidades establecidas na Lei 38/2003. A presentación nese prazo adicional non eximirá ó beneficiario das sancións que correspondan.

En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio 2013.

7.5. TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.

Logo de ver a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ao pago do resto da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, concederase un prazo de dez días para a súa corrección.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

a) Se o importe xustificativo é inferior ao orzamento subvencionable pero superior ao anticipo librado, o importe da subvención reducirase proporcionalmente ao importe xustificativo, dándose por xustificativo o anticipo prepagable.

b) Se o importe xustificativo é inferior ao 50% do orzamento subvencionable, non se considerará cumprida a finalidade da subvención e incoarase procedemento de reintegro do anticipo prepagable aboado xunto cos intereses de demora na cuantía correspondente.

No caso de que non se efectuara o ingreso do importe a reintegrar no prazo establecido ó efecto, autorízase expresamente á Deputación para que poida efectuar a compensación con calquera débito a favor do beneficiario da subvención, a través das entregas a conta da recaudación, no caso de concellos usuarios do Servizo, ou calquera outra subvención que se atope no trámite de pago, para os non usuarios.

8. RÉXIME SANCIONADOR.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolvido polo título IV do Regulamento da citada lei.

A presentación da documentación xustificativa fóra do prazo establecido na base 7.4 conlevará a imposición dunha sanción ao beneficiario segundo a seguinte gradación:

- Retraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención co límite de 75 €.
- Retraso na presentación da xustificación superior a un mes e inferior ou igual a 3 meses: sanción do 20% do importe da subvención co límite de 400 €.
- Retraso na presentación da xustificación superior a 3 meses: sanción do 30% do importe da subvención co límite de 900 €.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. Polo tanto, o importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

O beneficiario queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida pola Deputación e polo Tribunal de Contas ou calquer outro órgano de control interno ou externo, e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral presupostaria e, no seu caso, ó disposto no Código penal.

O incumprimento das obrigacións derivadas das presentes bases dará lugar á anulación da subvención e, no seu caso á devolución das cantidades percibidas cos xuros de mora xerados, de acordo co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, autorizándose á Deputación Provincial para utilizar a tal efecto a compensación de tales débitos co concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

Con carácter xeral admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas:

- Ante notario.
- Polo rexistro xeral da Deputación da Coruña.
- Polos concellos respectivos.
- Polo órgano administrativo que teña no seu poder os documentos orixinais precisos para a xustificación.
- Polos organismos públicos a que se refire o artigo 38.5 en relación co artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2013, na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, e na Lei 7/2007, de subvencións de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA.

Aos efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións.

A Coruña, 5 de febreiro de 2013.

O presidente	O secretario
Diego Calvo Pouso	José Luis Almaillo Supervía

2013/1570